



Concello de Xunqueira de Ambía

OBRIGAS SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Jose Luis Gavilanes Losada, Alcalde-Presidente do Concello de Xunqueira de Ambía, fai saber que:

Segundo a *Lei 03/2007 do 0 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais*, a cidadanía ten a **OBRIGA MANTER DESBROZADAS E LIMPAS** as parcelas da súa propiedade que se encontren a menos de 50 m do núcleo rural ou de casas ailladas do seguinte xeito:

- Roza de fentos, xestas, silvas, toxos, carqueixas...
- Eliminación de especies recollidas no Anexo I PIÑEIROS, EUCALIPTOS, ACACIAS, TOXOS, XESTAS, SILVAS...
- Rareo dos pes do resto de especies

A administración pode repercutir os gastos dos danos que se poidan ocasionar ás persoas responsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.

Por outra banda, os propietarios de parcelas en **núcleos priorizados** en **A Abeleda (San Vicente), Sobradelo (San Román)** poden solicitar o contrato entre o particular e SEAGA, tal e como se recolle no Convenio en prevención de incendios, para a **limpeza dos predios** cunha **tarifa reducida** de 420€/hectárea.

Calquera aclaración pódese xestionar coa Técnico de Biomasa nas oficinas municipais os días luns, mércores e venres.

O que se fai público, para xeral coñecemento a data da sinatura electrónica.

O ALCALDE-PRESIDENTE

